

CONTRATACION
MLA/rdi
Ref#: 010
Asunto: acta lectura informe técnico

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFONICA ÓS CIDADANS (010) NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:45 horas do día 27 de outubro de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais, dona Luisa María Zarzuela González, , dona Paz Abraira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello e don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación.

Comparecen a este acto :

- Don Angel Piñeiro Otero, como representante da empresa BALIDEA
e Dona Begoña Cideres Paz, como representante da empresa GSS CRM SERVICES

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe técnico da área de Servizos Xerais, no que sinala entre outros aspectos nas súas consideracións que:

“As empresas GSS, COBRA e EULEN , fan referencia ós programas de formación e o número de horas a impartir, o que sería causa de exclusión dando que figura información doutro sobre no B.

Así mesmo se sinala que as empresas GSS e BALIDEA, fan referencia a incorporación dun teleoperador mais. O que sería tamen causa de exclusión, dado que figura información sobre oferta adicional de persoal, que debería ir no sobre C segundo o prego de condicións.”

Á vista do seu contido os integrantes da Mesa, tras o examen detenido das proposicións,. acordan por unanimidade excluir a todas as empresas licitadoras polos motivos argumentados no informe técnico anteriormente sinalado e na súa consecuencia acordan declarar deserto a contratación de referencia e propoñer a apertura dun procedemento negociado coas mesmas condicións.

CONTRATAACION

MLA/rdi

Refº: 010

Asunto: acta lectura informe técnico

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:10 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA ,

O SECRETARIO

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz